

INSCRICIÓN FIGURANTES INFANTÍS CABALGATA REIS 2020

- **Dirixido a:** nenos e nenas que na data do 1 de xaneiro de 2020, teñan unha idade comprendida entre os 8 e os 11 anos. Terán prioridade na adxudicación de prazas os/as nenos/as empadroados no Concello de Culleredo.
- **Total prazas:** 50
- **Período de inscrición:** do 2 ao 13 de decembro de 2019.
- **Lugar de presentación:**
 - nos rexistros presencias da Casa Consistorial e do Edificio de Servizos Múltiples (de 9.00-14.00h.)
 - no rexistro electrónico desde as 9.00 h do luns 2 de decembro ata as 20.00 horas do venres 13 de decembro.

- **Sorteo:**

A adxudicación de prazas realizarase mediante sorteo público, en caso de que as solicitudes excedesen a oferta dispoñible. O sorteo terá lugar o mércores 18 de decembro, ás 10.00 h, no Centro municipal de formación Pablo Picasso. Unha vez cubertas as prazas dispoñibles, crearase unha listaxe de agarda

- **Entrega de vestiario:**

Unha vez finalizada a adxudicación, comunicaráselles ás persoas interesadas (mediante un correo electrónico ou por teléfono) a súa participación na cabalgata, así como a información necesaria para participaren nela: lugar e horario de recollida de traxes, horario e forma de recollida dos menores.

Se unha persoa das admitidas, por razóns persoais, non puidera participar na Cabalgata, deberao comunicar no Centro municipal de formación Pablo Picasso (981.664 204) con anterioridade ao venres 3 de xaneiro de 2019. Será substituída pola persoa que, por rigorosa orde conste na lista de agarda.